

INFORME IPN 4/2024 SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O OBSERVATORIO DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA

En Pleno:

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal

Dña. María Teresa Cancelo Márquez, vogal

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

Vista a solicitude de informe sobre o Proxecto de Decreto polo que se regula o Observatorio do Sector lácteo de Galicia remitido pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, o Pleno da Comisión Galega da Competencia, na súa reunión do 28 de novembro de 2024, coa composición expresada e sendo poñente D. Ignacio López-Chaves Castro, acordou emitir o presente Informe, ao amparo do disposto no art. 26.2 f) dos Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da

Competencia (Decreto 118/2016, de 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos).

O referido artigo dispón que se asigna á Comisión Galega da Competencia (CGC) a función de: "f) Informar de modo preceptivo non vinculante sobre os anteproxectos de ley e proxectos de outras disposicións autonómicas de carácter xeral que podan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados."

I. ANTECEDENTES

1.- Con data 12 de novembro de 2024 tivo entrada na Comisión Galega da Competencia a solicitude de informe do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Medio Rural sobre o Proxecto de Decreto polo que se regula o Observatorio do Sector lácteo de Galicia (en adiante o Proxecto). O Proxecto viña acompañado dunha Memoria Xustificativa do mesmo e do Informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Medio Rural

2.- O proxecto de Decreto sometido á consideración deste organismo consta de 12 artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

II. INTRODUCCIÓN: OBXECTO DO PRESENTE INFORME

1º) O obxecto do presente informe é a análise do proxecto de Decreto polo que se regula o Observatorio do Sector lácteo de Galicia desde a perspectiva da libre competencia.

2º) A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 30 Un punto 3 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de agricultura e

gandería.

3º) Como indicou esta CGC "O sector lácteo sempre desempeñou un papel estratéxico en Galicia polo seu peso económico e social, sendo especialmente relevante nas últimas décadas. Trátase dun sector que mostrou un gran dinamismo dende a integración de España na Unión Europea adaptándose mediante unha profunda reestruturación ao cambiante marco legal e ás distintas conxunturas polas que atravesou"¹ e como sinala o propio texto do proxecto de Decreto o sector lácteo é un dos alicerces máis importantes do agro galego.

III.- FINALIDADE DA NORMA

4º) A finalidade do Proxecto é outorgar unha nova regulación ao Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento e consulta cos representantes do sector, modificando o actualmente vixente Decreto 61/2007, de 22 de marzo, polo que se creou o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinaron as súas funcións, composición e funcionamento.

5º) Explica o Proxecto as razóns deses cambios como é o acoller no Observatorio a tódolos elos da cadea de valor da leite, redefinir as funcións destes órganos e permitir a creación de grupos de traballo.

IV. COMPETENCIA E SECTOR PRIMARIO

6º) O dereito da competencia aplicase sen excepción en tódolos elos da cadea alimentaria, como sinala non só o Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) senón tamén a Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia. No

¹ Informe "A problemática dos prezos no sector lácteo galego: unha aproximación dende o punto de vista da competencia", Consello Galego da Competencia, 2013

mesmo sentido a Comisión Nacional da Competencia concluíu no seu Informe sobre *competencia e sector agroalimentario* de xuño de 2010² que a normativa de competencia tanto comunitaria como nacional resulta plenamente aplicable ao sector agroalimentario. E sinala que, anque é certo que a nivel comunitario existen Regulamentos sectoriais que establecen algunhas exencións en canto a condutas que puideran ser susceptibles de ser consideradas restritivas da competencia, os supostos nos que estas se poden aplicar son limitados e en ningún caso permiten determinadas condutas, como por exemplo os acordos de fixación de prezos.

7º) Tamén o art. 206 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013³, diseña o marco específico da aplicación das normas de competencia á agricultura que ten como regra xeral a plena aplicación das normas de prohibición de colusión e de abuso de posición de dominio do Tratado (artigos 101 e 102) sen máis excepcións que as expresamente previstas no Regulamento.

8º) As autoridades de competencia, por elo, debemos de prestar especial atención a estes mercados coa finalidade de garantir a existencia dunha competencia efectiva e evitar que se produzan acordos e abusos de posicións dominantes que podan prexudicar aos consumidores, aos produtores ou a industria.

9º) Como este Pleno sinalou noutros informes⁴, caracterízase polo pequeno tamaño das explotacións empresariais, a súa dispersión e o limitado poder de negociación fronte aos seguintes elos da cadea alimentaria. De aí que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) recomende intervir sobre aqueles factores que poden favorecer a existencia destes desequilibrios no poder de

2 Pódese consultar en https://www.cnmc.es/sites/default/files/1185937_7.pdf

3 Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derogan os Regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007. Texto consolidado do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 en <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/Es/TXT/PDF/?uri=CELEX:02013R130820211207&from=EN>

4 Informe "A problemática dos prezos no sector lácteo galego: unha aproximación dende o punto de vista da competencia", Consello Galego da Competencia, 2013; Informe Función Consultiva FC 1/2022.- Consulta sobre protocolo da cadea de abastecemento para a protección das explotacións de vacún de carne adheridas á indicación xeográfica protexida tenreira galega do 5 de abril de 2022



negociación entre as partes, fomentando un maior tamaño dos produtores e o cooperativismo por parte dos poderes públicos para contribuír a mellorar o funcionamento da cadea de valor, así como remover as barreiras á apertura e á operación de establecemento de distribución alimentaria minorista, que limitan o desenvolvemento dunha maior competencia efectiva no ámbito minorista⁵.

IV. VALORACIÓN ESPECIFICA DO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O OBSERVATORIO DO SECTOR LÁCTEO DE GALICIA

10º) Como sinalamos, o obxecto é a regulación do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento, consulta e análise do sector lácteo do cal formarán parte (art. 4 e 7 do Proxecto) os representantes do sector e a administración autónoma de Galicia. Estable o Proxecto as normas sobre os órganos que o compoñen, o seu funcionamento, a duración dos nomeamentos e os grupos de traballo.

11º) Dende o punto de vista da competencia a presenza no Observatorio dos representantes dos operadores económicos dos distintos elos da cadea produtiva (produtores, transformadores e distribuidores) así como de outros actores que participan neste mercado, fai necesario que se reflicta no texto do Proxecto que o regula medidas que garantan e recorden a obriga de respectar a normativa de competencia en tódolos acordos, reunións e estudos que se desenvolvan no marco da actividade de dito Observatorio.

5 Informe normativo do 2 de setembro de 2020 IPN/CNMC/015/20: Anteproxecto de Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria e Informe normativo de 1 de marzo de 2022 IPN/CNMC/005/22 sobre o proxecto de Real Decreto polo que se modifica o Real Decreto 95/2019, de 1 de marzo, polo que se establecen as condicións de contratación no sector lácteo e se regula o recoñecemento das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais no sector, e polo que se modifican varios reais decretos de aplicación ao sector lácteo e o Real Decreto 319/2015, de 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias a efectuar polos primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra

12º) Non debemos de esquecer que nos expedientes sancionadores incoados pola CNMC neste mercado (coma a Resolución de 11 de xullo de 2019 ditada no Expte. S/ 0425/12 INDUSTRIAS LÁCTEAS 2) as empresas sancionadas argumentaron, en defensa da súa actuación, que a información das condicións dos prezos aplicadas polos seus competidores a obtiñan, entre outras fontes, dos observatorios oficiais e que o intercambio de información anticompetitivo non se producía nas reunións que entre eles mantiñan, non se desvelaban segredos comerciais xa que a referencia aos prezos era unha información pública que era recollida no Observatorio da Leite. Tamén alegaron o principio de confianza lexítima na medida en que o suposto intercambio de información se producira nas mesas sectoriais e observatorios convocadas pola Administración.

13º) Anque o Consello da CNMC rexeitou na súa Resolución integramente esas alegacións, é preciso adoptar tódalas medidas necesarias para seren rigorosos no cumprimento da normativa *antitrust* na actividade dese Observatorio evitando que poda servir o mesmo de amparo ou xustificación por parte de operadores económicos de condutas que danen á competencia efectiva nese mercado en prexuízo dos elos máis débiles da cadea produtiva deste sector.

V. RECOMENDACIÓNS E CONCLUSIÓN

14º) En relación coas funcións do Observatorio este Pleno considera que debería de incorporarse un apartado que indicase que tódalas actuacións desenvoltas dentro da actividade do Observatorio se realizarán con pleno respecto á normativa de competencia.

15º) Sería tamén recomendable que se indicase no Proxecto que en toda a información que podan facilitar os operadores ao Observatorio se respectará a garantía de confidencialidade, comprometéndose a non realizar intercambio algún

de información que poda aportar cada operador e que poda afectar á competitividade do sector.

18º) Por último, recoméndase unha especial vixilancia para evitar que dos resultados dos estudos e informes se poda derivar na fixación de prezos ou na aliñación de custos entre os produtores que pode ocasionar unha uniformidade de prezos.

19º) Coas recomendacións sinaladas a CGC valora favorablemente o Proxecto de Decreto polo que se regula o Observatorio do Sector lácteo de Galicia.